

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE NOVEMBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00050229R

Aprobación de actas de sesións anteriores

Apróbanse as actas das sesións do 24, 30 e 31 de outubro e do 6 de novembro.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021329C

Licenza para construción vivenda familiar en LG Peregrina

Concédesse a licenza para realizar segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Carlos Landeira de data de visado do 13/10/2021 e documentación presentada o 27/09/2022 e o 15/06/2023 e 17/07/2023, cun orzamento de execución material de 110.000,00 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg da Peregrina s/n Santiago de Compostela.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019849P.

Rehabilitación vivenda familiar en Rúa Carme de Abaixo, 11

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico de data 14/03/2022 e a documentación complementaria de data 08/07/2022 e o Proxecto de execución con selo de visado de 12/07/2023 redactados polo arquitecto Sergio Remacha Vecino, cun orzamento de execución material de 145.061,37 €, a rehabilitación de vivenda familiar sita na rúa do Carme de Abaixo, 11 Santiago de Compostela.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00049289G.

Licenza para reforma interior de vivenda sita na rúa do Castro, 7-1º

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado pola arquitecta Leticia Lanzós Castro presentado na data 19/04/2023 e a documentación complementaria de data 22/09/2023, cun orzamento de execución material de 43.166,22 €, a reforma interior da vivenda sita na rúa do Castro, 7 1º Santiago de Compostela.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00034310W.

Rectificar o acordo da XGL do 23/10/2023 para construción dunha vivenda unifamiliar illada en Lugar Monte Vila

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 23 de outubro de 2023 no sentido de aclarar e para facer constar que onde di “.. Lugar Monte Vila nº45...” debe dicir”...Lugar Monte Vila Polígono 101 Parcela 215,.....” ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/946/2006.

Declarar a caducidade da licenza de obra concedida, por acordo de XGL do 19/03/2007, para reforma de edificio existente para vivenda unifamiliar na rúa de San Lourenzo, 41. Acórdase Declarar a caducidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 19 de marzo de 2007 para a reforma de edificio existente para vivenda unifamiliar na rúa de San Lourenzo, 41, segundo o proxecto básico e de execución do arquitecto

don José Luis Pereiro Alonso de data de visado do 15/05/2006 e documentación complementaria do 27/10/2006, xa que non remataron as obras autorizadas no prazo de dous anos a contar dende a data de notificación do seu outorgamento.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/113/2020.

Modificado da licenza concedida a ASTERISCOS PATRIMONIAL SL por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Santiago de Compostela na sesión do 28 de decembro de 2020 para execución dun edificio de S+PB+ático para 5 vivendas ,trasteros e garaxes na rúa Ulla, 32 |

Concédese aprobar o modificado da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do concello de Santiago de Compostela na sesión do 28 de decembro de 2020 para execución dun edificio de S+PB+ático para 5 vivendas, rochos e garaxes na rúa Ulla, 32 Santiago de Compostela (A Coruña), segundo o proxecto modificado redactado polo arquitecto Eusebio Pérez Iglesias de data de visado do 10/05/2023, do 01/06/2023 e do 23/06/2023 e documentación aportada o 09/10/2023.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00046560N.

Aprobación do expediente de contratación das Obras de execución do proxecto “Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 448.450,20 €. |

Acórdase:

Primeiro: aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto “Reforma do viario A Pajuela-Campo da festa de Marrozos (fase I)” / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 2ª fase da Deputación Provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 448.450,20 € (base imponible de 370.620,00 € máis IVE do 21% de 77.830,20 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 448.450,20 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PPROV 35 8).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047748N.

Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 3 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Servizos Básicos), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- Esta prórroga tramítase como anticipado de gasto de ahí que a súa autorización quede condicionada a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio de 2024.

O gasto por importe de 9.038,52 €, correspondente á anualidade do 2024, irá con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC,

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.

Prorroga do contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024. |

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 9 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá), polo prazo de un ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

Segundo.- O gasto por importe de 10.893,96 €, correspondente á anualidade do 2024, irá con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC, reservándose as cantidades seguintes en función das diferentes anualidades e quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercicio.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043608G.

Autorización da cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A.I_DEN, (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAUI_DEN, I_NIF cif AVALISTA para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de Curros Enríquez (FIL II 2009).” Expte.- 37/09.E_DSCM_CEXP |

Acórdase autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa, AQUAGEST, S.A (agora VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU, CIF- A-66141185), por importe de 36.591,79 euros (Avalista: La CAJA DE AHORROS Y PENSIONES DE BARCELONA (La Caixa), para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de Curros Enríquez (FIL II 2009).”

12. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00050020E.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (5) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e abril de 2023

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de ONCE MIL CATROCIENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (11.475,52 €), segundo relación contable de facturas S/2023/313 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/1894 por un importe de 4.825,39 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. e remata pola factura número F/2023/3964 por un importe de 481,67 euros emitida pola empresa Gas Natural Comercializadora, S.A.

13. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00050013S.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura (4) emitida por “Recambios Santiagueses, S.L.” con CIF núm. B15214349 en concepto de subministración de material de recambios de pezas para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondentes ao período que abrangue entre febreiro e xullo de 2023 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de NOVE MIL CENTO CINCUENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.157, 59 €) segundo relación contable de facturas S/2023/327 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/3100 por importe de 1.844,58 euros e remata pola factura número F/2023/4203 por importe de 3.506,68 euros, todas elas emitidas pola empresa RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00050011J.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da facturas (5) emitidas por "Neumáticos Pájaro, SL." con CIF núm. B15046238 en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período que abrangue entre maio e xullo do ano 2023. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de MIL CINCOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.562,89 €) segundo relación contable de facturas S/2023/328 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/3043 por importe de 21,78 euros e remata pola número F/2023/4142 por importe de 60,50 euros, todas elas expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00050009B.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (48) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento do sistema de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue entre outubro de 2022 e setembro do ano 2023 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE E TRES MIL CATROCENTOS DEZASETE EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (23.417,58 €) segundo relación contable de facturas S/2023/303 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/3408 por importe de 370,67 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L., e remata pola factura número F/2023/4053 por importe de 283,37 euros emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L.
Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00049629E.

Proposta á Xunta de Goberno Local, informe omisión función interventora factura 2023/3882 de Green Tal SA |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS VINTE NOVE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.329,79 €), correspondente á factura 2023/3882, en concepto de servizo “Línea Verde” de xestión de incidencias no equipamento urbán correspondente ao período entre abril e xuño de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00001033A.

[Corrección erros Tarifas 2023 recinto ferial Amio]

Acórdase corrixir o erro advertido no cadro de tarifas aprobado na Xunta de Goberno Local de data 30 de novembro de 2023 substituíndo o referido cadro polo seguinte:

CONCEPTO	TARIFAS VIXENTES (2022)		TARIFAS PROPOSTAS (2023)	
	REVISADA	EXACTA	REVISADA	EXACTA
ENTRADA GANDO				
VACÚN PEQUENO	2,03255	2,03	2,17076	2,17
VACÚN MEDIANO	3,48578	3,49	3,72281	3,72
VACÚN GRANDE	4,15233	4,15	4,43469	4,43
OVINO / CAPRINO	0,89907	0,90	0,96020	0,96
PORCINO	0,89907	0,90	0,96020	0,96
EQUINO	2,78737	2,79	2,97691	2,98
XAULAS E AMARRES				
AMARRES m/lineal	1,56450	1,56	1,67089	1,67
XAULAS RECRÍA 4 m ²	3,12900	3,13	3,34177	3,34
XAULAS ABASTO	6,68468	6,68	7,13924	7,14
XAULAS RECRÍA 3 m ²	2,36097	2,36	2,52152	2,52
ESTANCIAS EN MERCADO				
VACÚN PEQUENO (L-V)	6,33000	6,33	6,76044	6,76
VACÚN PEQUENO (S-D-FEST.)	69,63000	69,63	74,36484	74,36
VACÚN MEDIANO/GRANDE (L-V)	14,25305	14,25	15,22226	15,22
VACÚN MEDIANO/GRANDE (S-D-F)	77,55305	77,55	82,82666	82,83
VACÚN E EQUINO / DÍA	4,67300	4,67	4,99076	4,99
OVINO E PORCINO / DÍA	2,75461	2,75	2,94192	2,94
ELIMINACIÓN CADÁVERES				
VACÚN MENOR, OVINO, CAPRINO E PORCINO	14,04352	14,04	14,99848	15,00
VACÚN MEDIANO, MAIOR E EQUINO	23,55617	23,56	25,15799	25,16
ENCAMADO				
CAMIÓN ou REMOLQUE ≥4 T	11,37818	11,38	12,15190	12,15
CAMIÓN ou REMOLQUE <4 T	8,53364	8,53	9,11392	9,11
OUTROS VEHÍCULOS	3,84014	3,84	4,10127	4,10
LAVADO				
CAMIÓN 2 PISOS	17,70194	17,70	18,90567	18,91
CAM. 2 PS + REMOLQUE 1 PS	23,49252	23,49	25,09001	25,09
CAM. 2 PS + REMOLQUE 2 PS	31,79745	31,80	33,95967	33,96
CAMIÓN ≥ 4 T	13,95328	13,95	14,90210	14,90
CAMIÓN <4 T E OUTROS	11,24846	11,25	12,01336	12,01
APARCAM. E DESINFECCIÓN				
TURISMO	1,94024	1,94	2,07218	2,07
CAMIÓN ≥ 4T	8,43322	8,43	9,00668	9,01
CAMIÓN < 4T E OUTROS	6,90836	6,91	7,37813	7,38
OUTROS SERVIZOS				
FARDO DE PALLA	5,68909	5,69	6,07594	6,08
PESAXE DE RES	0,93870	0,94	1,00253	1,00
ENTRADA C. DESINFECTADO	3,91125	3,91	4,17721	4,18

18. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00040162P.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das

facturas (2) emitidas pola entidade mercantil ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA SL (B27831783) en concepto de “servizo de xantares e almorzos nos CEIP do Concello de Santiago de Compostela”, correspondente ao mes de xaneiro do 2023. Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de noventa e dous mil cento oitenta e tres euros con sesenta e un céntimo de euro (92.183,61 €) e que comeza pola número F/2023/1345 por importe de 82.906,86 €, en concepto de “servizo de xantar nos CEIP do Concello de Santiago” e finaliza pola número F/2023/1346 por importe de 9.276,75 € en concepto de “servizo de almorzo nos CEIP do Concello de Santiago”, correspondentes ao mes de xaneiro do 2023.

19. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00023946F.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil euros (9.000,00 €)

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de nove mil euros (9.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800004 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

20. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027399X.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 4 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo, para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €)

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o día 4 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo, para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800020 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

21. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024611M.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga pola contía de seis mil euros (6.000,00 €)

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (ASPAS) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga pola contía de seis mil euros (6.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800007 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas

para o ano 2023

22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027303Y.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 29 de Setembro de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade Cruz Roja España para o programa “Semus Compostela: Servizo Municipal de Urxencias Sociais” para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cen mil euros (100.000,00 €), Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 29 de Setembro de 2023 entre o Concello de Santiago e a entidade Cruz Roja España para o programa “Semus Compostela: Servizo Municipal de Urxencias Sociais” para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cen mil euros (100.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800014/2023 segundo o recollido no Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

23. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00002754E.

Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas da xustificación de subvencións presentadas polas distintas entidades beneficiarias en referencia a convocatoria de subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra a violencia de xénero, para o ano 2023.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aprobar na súa TOTALIDADE o recoñecemento das seguintes obrigacións derivadas das xustificacións de subvencións presentadas polas distintas entidades beneficiarias, así como o seu pagamento polos importes concedidos de subvención que se relacionan de seguido, tendo en conta que todas elas compren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que acreditan suficientemente a realización do seu obxecto e que foron destinadas ás finalidades para as que foron concedidas.

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Importe subvención concedida	Importe subvención xustificada (Importe Recoñecemento da obriga)
1	ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN DAS MULLERES GALEGAS DO RURAL (AGRA)	“XOGANDO SOMOS IGUAIS”	2.500,00 €	2.500,00 €
2	ASOCIACIÓN PLATAFORMA POLO EMPREGO	“ACAROAR”	2.500,00 €	2.500,00 €
3	SINDICATO LABREGO GALEGO	“LABREGAS E ESPAZOS DE VENDA”	2.500,00 €	2.500,00 €

4	ASOCIACIÓN DE EMPREGADAS DO FOGAR. XIARA.	"ACHÉGATE A NÓS"	1.500,00 €	1.500,00 €
5	FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	"TECENDO CON FÍOS DE CORES"	2.387,26 €	2.387,26 €

Total: 11.387,00 €

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento das obrigacións de forma PARCIAL derivadas das xustificacións parciais das subvencións presentadas polas entidades beneficiarias que se relacionan deseguido, así como o seu pagamento polos importes xustificadas que se relacionan, tendo en conta que todas elas compren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria e que acreditan suficientemente a realización do seu obxecto e que foron destinadas ás finalidades para as que foron concedidas.

Nº	Entidade solicitante	Título do proxecto	Importe subvención concedida	Importe subvención xustificada (Importe recoñecemento da obriga)
1	ARELAS. ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES TRANS	"DIVA: PROGRAMA DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN E ATENCIÓN ÁS PERSOAS LGTBIQA+ E FAMILIAS"	2.500,00 €	2.209,00 €
2	ASOCIACIÓN ARRIANAS	"MULLERES NA RAIA"	2.500,00 €	2.499,16 €
3	ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR)	"PROXECTO RECREATE (5º Edic)"	1.137,74 €	1.085,18 €
4	HOCKEY CLUB RAXOI	VI XORNADAS DE TECNIFICACIÓN E EMPODERAMENTO EN HOCKEY SOBRE PATÍNS FEMININO	2.500,00 €	2.169,84 €
5	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS (FADEMUR)	"TEMPO DA IGUALDADE"	2.500,00 €	2.499,86 €
6	ASOCIACIÓN DE EMPRESAS DE INSERCIÓN DE GALICIA (AEIGA)	"PROGRAMA X MULLER EN IGUALDADE"	2.500,00 €	2.212,54 €
7	ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA ACOUGO	"PROGRAMA DE IGUALDADE NO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES"	2.500,00 €	2.436,66 €
8	ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL CAPOEIRA ANGOLA	"CAPOEIRISTAS POLO FIN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES"	2.475,00 €	1.200,00 €

TOTAL: 16.312,24 €

24. ALCALDÍA. Referencia: 2023/00050327F.

Aprobación do protocolo xeral de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela

Acórdase aprobar o protocolo xeral de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela.

25. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00050117G.

Renovación dos membros representantes municipais no Comité de Seguridade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela para o período 2023-2027

Acórdase designar como membros no Comité de Seguridade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela para o período 2023-2027 ás seguintes persoas representantes do goberno municipal:

- Manuel César Vilar, concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización de Administración Local.

- Xesús Manuel Domínguez Domínguez, concelleiro de Sustentabilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras

- Xan Xesús Duro Fernández, concelleiro de Mobilidade, Convivencia e Centros Socioculturais.

- Pilar Lueiro García, concelleira de Deportes, Relacións Veciñais, Festas, Rural e UMAD.

26. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00000473W.

Aprobación da proposta relativa aos premios de Entroido 2023 do Concello de Santiago

Acórdase aprobar a concesión dos premios en base á acta do xurado do Concurso de Entroido 2023 ás entidades e persoas que a continuación se relacionan, indicándose o importe a retribuír:

Premio	Nome	%	Importe
1º Premio carrozas	Asoc.Prest. Serv.Cdad Educat-Sdad xera sin ánimo de lucro Diver-Cida	100	3.000 €
2º Premio carrozas	Asociación Cultural Mar de Fondo	100	2.000 €
3º Premio carrozas	Asociación de Padres de Personas con Discapacidad Intelectual (Aspas)	100	1.000 €
1º Premio comparsas	Asociación de Veciños Conxo Aberto	100	2.400 €
2º Premio comparsas	Asociación Cultural Mar de Fondo	100	2.000 €
3º Premio comparsas	Escuelas de La Inmaculada Concepción	100	1.000 €
1º Premio comparsas Santiago	Asociación Cultural Armatroulas de Laraño	100	1.200 €
2º Premio comparsas Santiago	Asociación Cultural Recreativa Deportiva de Laraño A Ruliña	100	600 €
3º Premio comparsas Santiago	Asociación Cultural e Recreativa Os Conformistas de Conxo	100	400 €

1º Premio parella	Taide Fernández González	100	400 €
1º Premio individual	Cristina Moure Pascual	100	300 €
2º Premio individuais	Francisco Javier Otero Pérez	100	200 €
3º Premio individuais	Silvia Miramontes Rey	100	100 €
1º Premio Grupo	Nuria Prado Loureiro	100	800 €
2º Premio Grupo	Sandra Ferradás Redondo	100	400 €

27. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037847C.

Aprobación da proposta de xustificación das subvencións concedidas ao abeiro da convocatoria de asociacións culturais 2022.

Acórdase:

1. Aprobar a xustificación das subvencións ás seguintes entidades: Asociación Cultural Barriga Verde, Federación Galega de Bandas de Música Populares e Nova Escola Galega.
2. Recoñecer a obriga económica correspondente á xustificación das subvencións ás seguintes entidades cos importes indicados: Asociación Cultural Barriga Verde (5.000 euros), Federación Galega de Bandas de Música Populares (5.000 euros) e Nova Escola Galega (2.351,83 euros).
3. Ordenar o pago da subvención cos importes indicados.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00045332F.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no recurso de apelación AP 147/2023 do PA 230/2021 CA2.

Sentenza nº 520/2023

AP 0147/2023 TSX, PA 230/2021 CA2

Obxecto: cómputo de horas na xornada nocturna dos policías locais; solicitude de reaxuste para cadros futuros.

SENTIDO DA SENTENZA: favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal e de Policía Local para o seu coñecemento.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00023660C.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 168/2023 CA2.

Sentenza nº 239/2023

PA 168/2023 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía 1.523,81 euros.

SENTIDO DA SENTENZA: favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para o seu coñecemento.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049503B.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 432/2022 CA2.

Resolución: Sentenza 229/2023 do 8.11.2023

Procedemento: Procedemento Abreviado 432/2022 do Xulgado Contencioso

Administrativo nº 2

Obxecto: Sanción por estacionamento en zona de carga e descarga.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses municipais

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Tráfico para os efectos do seu coñecemento.

31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049502X.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 283/2023 CA2. |

Resolución:sSentenza 230/2023 do 8.11.2023

Procedemento: procedemento abreviado 283/2023 do Xulgado contencioso administrativo nº 2

Obxecto: Sanción por estacionamento en carril de circulación.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses municipais

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Tráfico para os efectos do seu coñecemento

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00045093V.

Tomar coñecemento do Auto recaído no PA 261/2023 CA2. |

Resolución: Auto 87/2023 do 17.10.2023

Procedemento: procedemento Abreviado 261/2021 do Xulgado contencioso - administrativo nº 2

Obxecto: Reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: o Auto declara finalizado e ordea o arquivo do procedemento por desistencia da actora.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu coñecemento.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049555V.

Tomar coñecemento do Auto de desistimento recaído no PO 338/2022 CA1 |

Resolución: Auto nº 160/2023, do 31.10.2023

Procedemento: Procedemento Ordinario 338/2022 do Xulgado contencioso administrativo nº 1

Obxecto: Contra resolución ditada en expediente de reposición á legalidade 2022/00008687 referido a vivenda de uso turístico.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: o auto declara desistido ao demandante do recurso interposto contra o decreto 2022/6132 do 25.05.2022 ditado no seo do expediente de reposición á legalidade 2022/00008687AE.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de urbanismo-disciplina para os efectos do seu coñecemento.

34. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049553S.

Tomar coñecemento do auto recaído no procedemento PO 343/2022 CA1 |

Resolución: auto nº 161/2023, do 31.10.2023

Procedemento: procedemento Ordinario 343/2022 do Xulgado contencioso administrativo nº 1

Obxecto: contra resolución ditada en expediente de reposición á legalidade

2022/00009334Y referido a vivenda de uso turístico

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: o auto declara desistido ao demandante do recurso interposto contra o decreto 2022/6900 do 10.06.2022 ditado no seo do expediente de reposición á legalidade 2022/00009334Y.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de urbanismo-disciplina para os efectos do seu coñecemento.

35. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00049556H.

Tomar coñecemento do auto recaído no procedemento PO 345/2022 ca 1 |
Resolución: Auto nº 162/2023, do 31.10.2023

Procedemento: Procedemento Ordinario 345/2022 do Xulgado contencioso Administrativo nº 1

Obxecto: Contra resolución ditada en expediente de reposición á legalidade 2022/00014200V referido a vivenda de uso turístico

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: p Auto declara desistido ao demandante do recurso interposto contra o decreto 2022/6132 do 25.05.2022 ditado no seo do expediente de reposición á legalidade 2022/00014200V.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de urbanismo-disciplina para os efectos do seu coñecemento.

36. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00050229R.

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 17 ao 23 de novembro do 2023. |

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 17 ao 23 de novembro do 2023.

URXENCIAS

37. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00043025L.

Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, FERROVIAL SERVICIOS, S.A. agora denominda SERVEO SERVICIOS, SAU, para responder do contrato de “Prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos (RCC) do Concello de Santiago de Compostela” EXPEDIENTE 57/2016 |

Acórdase autorizar a cancelación do aval, en concepto de fianza definitiva, constituída pola empresa, FERROVIAL SERVICIOS, S.A., agora denominda SERVEO SERVICIOS, SAU, por importe de 92.582,27 euros (Avalista: Banco Popular Español SA.), para responder do contrato de “Prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos (RCC) do Concello de Santiago de Compostela” EXPEDIENTE 57/2016.

38. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00030423K.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros. |

Acórdase Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 03 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800018 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

39. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024207S.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros.

Acórdase Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800005 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

40. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024531V.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) ano 2023, e o recoñecemento da obriga pola contía de catro mil euros.

Acórdase Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Lucha contra las Enfermedades del Riñón de A Coruña (ALCER) ano 2023, e o recoñecemento da obriga pola contía de catro mil euros (4.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800006 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

41. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027323A.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermedades Mentais de Galicia (SAÚDE MENTAL-FEAFES GALICIA) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros.

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermedades Mentais de Galicia (SAÚDE MENTAL-FEAFES GALICIA) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros (60.000,00 €). con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800017 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.